

*RESOLUCIÓN do 23 de xuño de 2022 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba o listado definitivo de solicitudes declaradas procedentes ou improcedentes no procedemento de concesión das comisións de servizos en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral reguladas pola Orde do 15 de abril de 2019 (Diario Oficial de Galicia do 30 de abril)*

De conformidade co disposto no artigo 11 da Orde do 15 de abril de 2019 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte docencia en centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral, e de acordo co informe preceptivo da comisión de valoración segundo o establecido no seu artigo 9, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no uso das facultades delegadas pola Orde de 9 de febreiro de 2021 (DOG do 16 de febreiro),

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar o listado definitivo de solicitudes de comisión de servizos en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral declaradas procedentes e improcedentes.

Segundo. Publicar no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <https://www.edu.xunta.gal> o listado citado.

Terceiro. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de internet da Consellería <http://www.edu.xunta.gal>, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que resulte competente segundo o establecido na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

